



XXI RUTA CHAIREGA

Por terras de **CABREIROS-XERMADE**

RUTA DO RÍO TRIMAZ

DOMINGO 9 DE XUÑO DE 2024

SAÍDA 9:30 HORAS

ARREDORES DA CASA DA CULTURA DE VILALBA

O IESCHA organiza a **XXI Ruta Chairega "RUTA DO RÍO TRIMAZ"** por terras de **CABREIROS-XERMADE**, prevista para o **domingo 9 de xuño de 2024**.

PROGRAMA

A saída de Vilalba, dende os arredores da Casa da Cultura, producirase ás **9:30 horas**. A continuación, viaxe **Vilalba - Cabreiros** para dende **O Chao** dar comezo a:

"RUTA DO RÍO TRIMAZ"

Comezamos o percorrido coa saída do **O Chao** en **Cabreiros**, dende a **Musealización da antiga Igrexa Parroquial de Santa Mariña de Cabreiros** donde se atopan os arcos e outros elementos da antiga Igrexa, para seguir ata atopar o **Río Trimaz** na **Ponte da Acea** preto da **Area Recreativa da Acea e Campo de fútbol**. Desplazámonos río arriba pola marxe esquerda, superando o **Rego Chancelos ou Portosouto**. Bordeando o río entre vexetación autóctona chegamos a **Ponte de Isabel II**, contruída en tempo da Raíña, hacia o ano 1.863, para salvar o río ó paso da Estrada Rábade -Ferrol. Preto atopamos a ponte sobre a estrada no seu novo trazado e seguindo río arriba a pasamos por debaixo da recén Autovía AG-64 Ferrol - Vilalba, vemos o antigo **Muiño da Madeira**, rehabilitado, e sobre a **Ponte da Madeira** cambiamos de lado para seguir subindo polo río ata a **Presa do Feal**. Presas e pontes humanizan o río acompañadas de árbores de ribeira. Atopamos **Ponte do Aruxo, Portonovo, Ponte e Presa dos Carregás** ata chegar a **Ponte Baxín** donde nos separamos do **Río Trimaz**. Dirixímonos deixando atrás as frondosas **Fragas de Penachaiña** donde se observa a actuación na procura de alimentos dos animais salvaxes que viven na entorna, como xabaris ou corzos. Por antigos camiños volvemos preto do **Portonovo** e ó atopar a estrada Chao - Cabreiros buscamos o cauce do **Rego dos Caxigás** para seguindo pola marxe dereita veremos o antigo **Muiño de Cabreiros**, unha ponte de pedra e logo o **Muiño do Ferreiro**, que ademais do muiño conserva unha antiga **Moa**. Bordeando a canle do muiño seguimos arriba e desvíamonos polo **Camiño vello da Carballosa** disfrutando da vistosidade das **Fragas do San Vitorio ou Carballosa**. Chegando á cima iniciamos baixada o longo do monte do espiño para buscar a **Fonte da Santa Mariña** donde según conta a lenda foi martirizada a Santa brotando tres manantiais donde caíu a súa cabeza ó ser decapitada. Acercámonos cara o punto de partida non sin antes visitar o impresionante **Castro** que conserva os vestixios da Xermade galaico-romana por proceder a súa construción da primeira época romana, cando a partir da invasión cambiaron os hábitos tradicionais dos habitantes dos castros en altura para baixar a cotas mais levadeiras e próximos a zonas aptas para o cultivo e o traballo da terra, iniciándose na agricultura e no cuidado de animais domesticados. Atopamos de novo a Autovía AG-64 para chegar ó núcleo do **Chao** donde iniciamos a ruta pola parroquia despois de percorrer 14,5 km." (*fonte: xermade.org*)



<https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/ruta-rio-trimaz-cabreiros-37607504>

ESTADÍSTICAS DE LA RUTA

Distancia	Desnivel positivo	Altitud máxima	TrailRank
14,09 km	180 m	641 m	38 ★ 4,2
Dificultade técnica	Desnivel negativo	Altitud mínima	Trail type
Moderado	180 m	492 m	Circular



Unha vez rematada a Ruta, terá lugar o xantar no **Restaurante PETRÓLEO**, en **Roupar de Arriba**, sobre as **15:00 horas**. O menú será a base de: **Callos-Ensaladilla-Carne Asada-Costela-Postre-Café**

Rematada a visita, regresaremos a Vilalba.

A cuota que haberá que pagar será de **30€** por adulto (inclúe autobús e xantar).

Os/as interesados/as poderán apuntarse ata o **mércores 5 de xuño**, como data tope improrrogable, ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do Iescha, estudoschairegos@gmail.com, ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva, facendo constar, de ser o caso, calquera circunstancia que se considere oportuno sinalar.

(*Algúns teléfonos: 686-451501/651-361628*).